



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

Máis recortes: a nova reforma das pensións

O 21 de xullo o parlamento español acaba de aprobar a reforma das pensións, das nosas pensións, non das súas que son ben distintas das nosas.

Este é outro “servizo” máis que o goberno “socialista e obreiro” que padecemos presta aos intereses do capital e os especuladores financeiros. Neste caso, lamentablemente, coa inestimable colaboración dos “sindicatos do sistema”.

Non debe enganarnos o suposto obxectivo teórico da reforma: garantir a viabilidade futura do sistema público de pensións. En realidade vai supoñer un recorte xeneralizado das prestacións futuras, co obxectivo de facilitar a redución das cotizacións empresariais.

A figura mediática da reforma, foi a ampliación aos 67 anos da idade de xubilación, deixando nun segundo plano a ampliación do período de cálculo, ou o incremento de atrancos para acceder ás prestacións. A modulación entre os 65 anos e os 67 da idade ordinaria de xubilación, en función de ter ou non 38 anos e 6 meses cotizados, fará que só aquelas persoas que coticen ininterrompidamente desde os 26 anos e medio de idade, poidan seguir tendo os 65 anos como idade ordinaria de xubilación.

A reforma para os traballadores e traballadoras de Telefónica:

Ata o momento actual, en Telefónica, o habitual é ter unha carreira de cotización moi longa e con bases de cotización máximas en tempo suficiente para acadar a pensión máxima do sistema.

A política de redución de persoal que esta empresa está levando adiante desde hai demasiados anos, está provocando que a maioría dos telefónicos non acaden a pensión máxima, pois ao ser forzados a xubilarse anticipadamente, veñen sufrindo recortes de entre o 6% e o 8% por ano de anticipación, sobre a súa Base Reguladora.

A proposta do goberno pretendía aplicar a redución por xubilarse anticipadamente sobre a pensión, limitada xa pola pensión máxima. Esta pretensión produciría un dos efectos máis perniciosos e inmediatos da reforma das pensións sobre os telefónicos que decidan anticipar a súa xubilación. No trámite parlamentario transformouse este punto ata converterse nunha redución da pensión máxima alcanzable para aqueles que se xubilen anticipadamente, esa redución suporá o 0,25% por trimestre de anticipación.

Unha vez “salvado” este problema, sufriremos o efecto da ampliación do período de cálculo da pensión, de 15 a 25 anos, que despregará o seu maior efecto cando se eleven as bases de cotización e a pensión máxima, en aplicación da recomendación 5ª do Pacto de Toledo, e o desenvolvemento da disposición adicional décima.

A pesares de todo, no sistema público de pensións saen os traballadores, e especialmente os telefónicos, bastante mellor parados que no sistema privado.

Nota: A disposición final duodécima, deixaba a salvo dos prexuízos producidos por esta lei aos afectados por EREs anteriores. Coa modificación da data producida no senado, pasa do 25 de marzo de 2011 á data de publicación da lei (1 de agosto), tamén quedan a salvo os acollidos ao ERE actual.

Compostela 4 de agosto de 2011